


maider lópez  
desprazamento



# MAIDER LÓPEZ

## *Desprazamento*

10 xuño – 18 setembro 2016

Salas de exposición da planta baixa

Martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 / Domingos, de 11.00 a 14.30

Comisariado: Iñaki Martínez Antelo

Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / Koldo Mitxelena Kulturunea

Coa colaboración de:



## Nota de prensa

# Síntese do proxecto expositivo

*Desprazamento* é unha intervención específica na planta baixa do MARCO que xera un duplicado de medio metro de altura das paredes do museo que, ao seren desprazadas, nos permiten repensar o lugar, ofrecendo perspectivas, itinerarios e circulacións non habituais.

*Desprazamento* dá título ademais á exposición de **Maidier López** (San Sebastián, 1975), artista cun importante curriculum de intervencións no espazo público e exposicións internacionais. A mostra revisa o seu traballo dos dez últimos anos, no que accións cotiás e realidades comúns son cuestionadas. O espazo urbano e a paisaxe natural disláncanse mediante estratexias que alteran hábitos e relacións, xerando novos espazos ou situacións, novas regras do xogo, convidándonos a repensar a nosa contorna.

Desprazar é “mover ou sacar a alguén ou algo do lugar no que está”, definición que nos dá as claves necesarias para enfrontarnos a estes traballos. Non só porque Maidier López utiliza o desprazamento como recurso para crear situacións de estrañamento, senón pola súa vontade de xerar un novo lugar mental no que confrontar as nosas ideas preestablecidas.

A exposición é unha coprodución de MARCO de Vigo e Koldo Mitxelena Kulturunea, onde tivo lugar entre outubro de 2015 e febreiro de 2016. Ademais da intervención que dá título á mostra, o percorrido polos espazos da planta baixa do MARCO abrangue toda unha serie de proxectos específicos realizados ao longo dos últimos dez anos, e conectados conceptualmente coa peza central da exposición.

No texto “Desvelando as conexións do real”, incluído no catálogo da mostra, a escritora e comisaria Fulya Erdemci formula como Maidier López, a partir de traballos non exentos de humor, e que a miúdo implican a participación activa de persoas de distintos ámbitos, fainos experimentar co estado das cousas mediante sutís cambios, pequenas alteracións e movementos na súa orde:

“A través de detalles da vida cotiá, dos espazos que nos rodean ou das relacións triviais e ordinarias entre as persoas, nos seus proxectos imos entendendo a estrutura e a orde das cousas e facémonos conscientes da súa fragilidade, comprendendo que facilmente poderían ser doutra maneira”.

# Obras en exposición

## ***Desplazamiento*, 2016**

Instalación

Pladur e pintura

132 m lineais

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Coa colaboración de Justo Román

A instalación propón un duplicado dos muros, desprazando a planta do museo 217 cm frontalmente e 415 cm lateralmente

Os novos muros, cunha altura de 50 cm, ofrécennos a posibilidade de repensar o lugar rompendo as dinámicas habituais de uso e percepción das salas de exposición e o restaurante do museo. Á súa vez, este obstáculo crea outras perspectivas e itinerarios, xerando circulacións non habituais.

## ***65 lápices 4B*, 2016**

Instalación

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Mural realizado por Sol Álvarez Soto, Rebeca López Villar e Gabriela Lusquiños Santos

Unha parede do museo é cuberta con 65 lapis, xerando deste xeito un debuxo abstracto de grande escala que mide o lugar no número de lapis e o tempo invertidos en realizar a acción.

## ***Cámaras de vigilancia*, 2008-2016**

Instalación

Carcasas de cámaras de seguridade

Medidas variables

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Esta instalación copia e multiplica as cámaras de seguridade preexistentes no museo. A partir dun “niño” central composto por un gran número de réplicas, créase unha “praga” que se estende por distintos puntos do museo, resignificando e visibilizando un dispositivo contemporáneo tan presente como invisible. A obra foi creada para a exposición *O medio é o museo*, 2008.

## ***(Telón.)*, 2015**

4 panos de fondo de 9,60 x 5 m

Acción teatral e vídeo (8'54'')

*El Público*, Centro Federico García Lorca. Granada, 2015

Un teatro sen actores no que os panos de fondo ocupan o escenario. O pano de fondo deixou de ser un elemento de transición entre actos para se converter na propia escena. Unha obra de teatro que é articulada polo subir e baixar dos panos de fondo, que crean infinitas combinacións cromáticas. Diversidade de ritmos e movementos que posibilitan encontros aleatorios entre os diferentes panos e cores.

## ***Moving Stones, 2015***

51 fotografías (15 x 20 cm c/u)

## ***Columna, 2015***

Instalación

77 pedras, variña e papel impreso

314 x 18 x 18 cm

## ***Disappearing, 2015***

Vídeo

48”

*Cappadox, 2015. Cappadocia Struck*

Unha serie de paseos por Capadocia serve para seleccionar, transportar e recolocar pedras ao longo do camiño. A través do acto de camiñar, realízanse mínimos xestos transformadores da paisaxe. Estes desprazamentos exhibense mediante documentación, tanto fotográfica como cartográfica (coordenadas), sinalando os puntos de recollida e depósito das pedras.

A columna adáptase á altura de cada lugar expositivo con pedras locais.

## ***Piscine Saint-Georges, 2014***

Videoinstalación de catro canles

4’34”

14 de xuño de 2014. Play Time. Les Ateliers de Rennes

4ª Bienal de Arte Contemporánea. Francia, 2014

A piscina Saint-Georges é unha edificación de 1926. Nesa mesma época construíronse outros equipamentos similares co fin de satisfacer as necesidades de lecer e entretemento da poboación. Neste marco 86 nadadores responderon a unha convocatoria pública da artista para nadar na piscina. A obra, que inclúe tanto o evento performático como a súa documentación, móstrase como unha instalación.

A imposibilidade de manter un círculo de nadadores, a masificación que implica nadar en liña nunha piscina ategada, a organización dos participantes e a adecuación aos ritmos doutras persoas son elementos que xogan cunha aparente contradición á hora de contrapoñer a norma e a estrutura ao sentido lúdico que supostamente ten.

## ***Making Ways, 2013***

Instalación

Vídeos e vinilo sobre parede

Medidas variables

13ª Bienal de Istanbul 13, 2013

## ***Making Ways, 2013***

Videoinstalación

Dobre pantalla

23’44”

## ***Making Ways, 2’15” en Karaköy, 2013***

Vídeo

2’15”

O trazado urbano de Karaköy na cidade de Istanbul non coincide co uso que se fai deste. Así pois, os modos de cruzar a rúa convértense en material de análise e documentación. Os tránsitos e itinerarios dos viandantes son gravados, observados e clasificados, buscando xerar tipoloxías baseándose nos comportamentos e movementos dos peóns que xeran rutas máis alá das establecidas pola lexislación.

A instalación inclúe un manual de uso que recolle os comportamentos dos viandantes como alternativa ás directrices marcadas cuxa vontade, en moitas ocasións, se nos escapa.

### ***Polder Cup, 2010***

4 de setembro de 2010. *Ottoland*. Witte de With Center for Contemporary Art e Skor / Foundation Art and Public Space. Holanda

Pintura, vinilo e fotografía sobre parede

Medidas variables

### ***Polder Cup, 2011***

Vídeo

10'38"

### ***Polder Cup\_Post, 2011***

Vídeo

4'05"

### ***Teams Photo, 2011***

15 fotografías

24 x 36 cm c/u

Mediante unha convocatoria pública, promovida dende Witte de With, que instalou un banner na súa fachada como convite, organizouse un campionato de fútbol nos pólderes, superficies terrestres gañadas ao mar. Os campos incluían os accidentes do trazado da zona, como canles con auga, o que obrigaba a xerar novas estratexias e a definir novas regras axeitadas á nova situación. Neste contexto, as dinámicas do xogo replicaban funcionamentos sociais formulando alianzas ou inimidades baseándose en escenarios concretos.

### ***Another Via, 2009***

Postal

10 x 15 cm

Al-Ma'mal Foundation, Xerusalén

Postal que formula un itinerario por Xerusalén no que os percorridos están condicionados pola interacción azarosa con outros individuos e elementos urbanos. O proxecto realizado para o contexto específico desta cidade pode ser aplicado a calquera outro lugar.

Podes comezar o paseo pola cidade dende calquera sitio e en calquera momento. Camiña recto ata atopar algún dos elementos do listado inferior. Cando o fagas xira á esquerda. Se te atopas nunha bifurcación ou unha rúa sen saída xira á dereita.

- Alguén vestido de vermello
- Alguén fumando
- Algo amarelo
- Alguén falando por teléfono
- Un toldo verde
- Segue alguén que leve lentes ata que chegue a algún lugar

## ***Line of Sight, 2008***

Intervención no espazo público

Instalación

DM, pintura e proxección

Medidas variables

29 de agosto de 2008. *Intrude 366*. Zendai Museum. Shanghái

Instalación dunha serie de estruturas móbiles nunha praza de Shanghái co fin de ocultar, dende un único punto de vista, os carteis publicitarios existentes. Mediante unha coreografía de persoas encargadas de mover os paneis laranxas, buscouse ocultar a publicidade contraponendo a utilización do espazo urbano e a súa propiedade pública.

## ***Crossing, 2007***

Serie fotográfica

66 fotografías

20x30 cm c/u

Bolsa Hangar-CBK-Duende Studios Róterdam, 2006

A acción, formulada durante a estada en Duende Studios de Róterdam, consiste en documentar o momento en que a indumentaria dunha persoa que camiña pola cidade coincide coa cor dun edificio ou elemento urbano. Para iso, a artista agardou en distintos puntos a que se producise ese encontro casual.

Unha vez obtidas as instantáneas expóñense en liña xerando un itinerario por distintas escenas urbanas onde se mostra o momento no que as persoas se camuflan coa contorna.

## ***366 Sillas, 2007***

22 de setembro de 2007. Noite en Branco. Madrid

Vídeo

10'14"

366 cadeiras son dispostas na Plaza de la Villa e na Plaza de las Descalzas de Madrid. Fronte á rixidez do mobiliario urbano, que condiciona como nos movemos e relacionamos nese espazo, estas cadeiras permitiron habitar a cidade baseándose nas necesidades concretas de cada momento, xerando novas dinámicas e evidenciando que o uso da cidade crea espazo público.

O proxecto formalízase a través dun vídeo e unha serie de fotografías que mostran as diferentes configuracións que van adquirindo estes espazos en función dos usos e as situacións xeradas.

## ***Ataskoa, 2005***

Fotografías

(2) 87 x 131 cm, (1) 87 x 114 cm, (1) 50 x 33 cm

18 de setembro de 2005. Intza, Navarra

*Ataskoa* tivo lugar no ano 2005 en Intza, Navarra. Realizouse unha convocatoria pública co fin de crear un atoamento de tráfico no monte. A descontextualización dunha situación cotiá deu lugar a abrir novas posibilidades reunindo puntos de vista opostos e xerando unha nova lectura sobre o uso do coche e a nosa relación coa natureza.

## ***Parkings, 2005***

Serie fotográfica

9 fotografías

67 x 100 cm c/u

Proxecto Coches. Museo Artium. Vitoria-Gasteiz

Serie de fotografías de aparcamentos non regulados, no momento no que se van baleirando e quedan coches descontextualizados. Cando o aparcamento está cheo a inventiva individual crea novos espazos onde non os había, habilitando novas prazas de estacionamento. Os vehículos que chegaran primeiro e condicionaban a posición dos seguintes, ao marchar, deixan coches en sitios e posicións sen sentido aparente; seguindo unha lóxica que xa non chegamos a comprender.

## ***Playa, 2005***

Fotografía

(2) 87 x 131 cm

18 de agosto de 2005. Praia Zumaia, Guipúzcoa

Un domingo de agosto ofrécese a todas as persoas que chegan á praia de Itzurun, en Zumaia, unha toalla vermella para que a usen ese día. Con esta acción, a aparente normalidade de verán da praia vese interrompida ao presentar un elemento uniforme e homoxeneizador que modifica tanto a nosa lectura desta práctica cotiá coma a percepción da paisaxe.

-----

## **Obras en exposición / Mesas de procesos**

Unha parte das obras en exposición preséntase en salas mediante mesas de procesos, como documentación resultante de cada proxecto:

### ***Iturriak/Fuentes, 2016***

Instalación no espazo público

24 xaneiro 2016 – decembro 2016. Xardíns de Ondarreta

Capitalidade Cultural DSS2016

O proxecto consiste en instalar nunha mesma praza as fontes que foron retiradas da cidade. Unha agrupación e catalogación que remite á memoria e pretende converter a praza en Praza, a través da historia, a memoria e a reutilización do mobiliario urbano que se atopa en desuso.

### ***Mountain, 2013***

Construción de montaña

2600 m<sup>3</sup> de terra e céspede

Lower Austria Art in Public Space. Grafenegg. Austria, 2013

Este proxecto xorde a partir do convite á artista a intervir no parque Grafenegg con motivo da construción dun lago neste.

Desta forma, formulou a elevación dunha montaña coa terra extraída para a construción do lago. Nela dispóñense terrazas e bancos, creando novos puntos de vista e distintos modos de experimentar e percibir a paisaxe.

### ***How do You Live this Place?, 2010***

4 decembro 2010. Deveron Arts. Huntly, Escocia

Creación dun mapa colectivo e subxectivo da cidade a través da experiencia dos cidadáns co seu ámbito. A partir de como viven o espazo público, os participantes colocaron cinco pedras en diferentes puntos da cidade seguindo un código de cor.

Estes códigos de cor documentáronse mediante instantáneas dos lugares nos que as pedras foron situadas e un mapa de elaboración colectiva onde as persoas participantes sinalaban os fitos onde colocaran as pedras e a cor asignada.

### ***Football Field, 2007***

Intervención no espazo público

Pintura e porterías

34 x 18 m

Fotografía dixital a cor

125 x 70,30 cm

*Provisions for the Future*. Sharjah Biennial 9, Emiratos Árabes, 2009

Na praza do museo de Sharjah trázanse as liñas dun campo de fútbol, incorporando os elementos de mobiliario urbano xa existentes que interfíren no xogo. Resignifícase así un espazo urbano relacionándoo cunha actividade lúdica que propicia a convivencia de diferentes formas de uso do espazo público.



## Sobre a artista

Maidier López (San Sebastián, 1975) desenvolve o seu traballo intervindo no espazo público e a arquitectura. As súas obras requiren a miúdo da participación do espectador, a quen involucra, facéndoo formar parte dun espazo sutilmente alterado.

Licenciada en Belas Artes pola UPV de Bilbao (1998), obtivo un master en Chelsea College of Art and Design, Londres (1999). A súa obra foi amplamente exposta nacional e internacionalmente, por exemplo, nas Bienais de Venecia, Istambul, e Sharjah. Levou a cabo proxectos no espazo público como *Ataskoa*, *Polder Cup* ou *Playa*, e numerosas exposicións, entre as que salientan as seguintes:

*1645 Tizas*. Matadero Madrid (2016); *Desprazamento/Desplazamiento*. Koldo Mitxelena e MARCO Vigo (2016), *Play Time*. Les Ateliers de Rennes, 4ª biennale d'art contemporain. Rennes. Francia. (2014); *Mom, Am I Barbarian?* 13ª Bienal de Istambul (2013); *Mountain*. Lower Austria Contemporary (2013); *Between you and I*, Skor e Witte de With, Holanda (2010); *Eclats*, Centre Pompidou-Metz (2010); *Sharjah Biennial 9*, Emiratos Árabes (2009); *Line of Sight*, Zendai Moma Museum, Shanghai (2008); SCAPE Christchurch Biennial of Art in Public Space, Nova Zelandia (2008); *AdosAdos*, Guggenheim Bilbao (2007); *Columnnes*, Caixa Forum, Barcelona (2006) e 51ª Bienal de Venecia (2005).

## Catálogo e documentación

O libro publicado por Koldo Mitxelena Kulturunea coincidindo coa inauguración da mostra en Donostia/San Sebastián, inclúe un texto da escritora e comisaria Fulya Erdemci, ademais de textos da artista sobre cada obra e imaxes das obras en exposición.

Maidier López. *Tokialdatu/Desplazamiento/Displacement*  
256 pp. Euskera, español, inglés  
Donostia/San Sebastián, Koldo Mitxelena Kulturunea, 2015

Tamén, con motivo da exposición no MARCO, preparouse un dossier documental con enlaces e noticias sobre a obra de Maidier López, dispoñible para consulta na sección 'Biblioteca/Noticias' da web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com).

## Información e visitas guiadas

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á la exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

Todos os días ás 18.00

Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11

---

### Contacto Departamento de Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé  
Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00  
marta.viana@marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>  
twitter. @MARCOVigo3



FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia,  
Ministerio de Educación, Cultura y Deporte  
R/ Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01  
info@marcovigo.com | www.marcovigo.com